

Real decreto 5/2001, ou por falecemento, xubilación ou invalidez do actual titular da explotación, o prazo permanecerá aberto ata o 30 de novembro.

2. Os interesados presentarán a solicitude de axuda axustada ao correspondente modelo e con toda a documentación establecida en cada caso, conforme se establece na Orde do 7 de xuño de 2002.

Artigo 11º.-Xustificación.

A certificación dos investimentos e gastos farase de conformidade co previsto no artigo 22 da Orde do 7 de xuño de 2002.

Artigo 12º.-Financiamento.

1. A participación da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural nas axudas recollidas no artigo 1º.1 da Orde do 7 de xuño de 2002 axustarase ao disposto no Real decreto 613/2001, do 8 de xuño, modificado polo Real decreto 1650/2004, do 9 de xullo, sobre mellora e modernización das estruturas de produción das explotacións agrarias, no relativo ao financiamento de actuacións.

2. O financiamento das axudas recollidas na Orde do 7 de xuño de 2002 e da presente orde efectuarase, para o ano 2005, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias do proxecto de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o 2005:

a) 09.03.614-A 774.0, para as axudas previstas no artigo 1º.1.1 da devandita orde, na que existe crédito adecuado para o ano 2005, de oito millóns de euros (8.000.000 €) e para o ano 2006, de oito millóns de euros (8.000.000 €). A dita aplicación orzamentaria poderá incrementarse con fondos adicionais, comunitarios, estatais e da Comunidade Autónoma.

b) 09.03.614-A 777.3 para as axudas previstas no artigo 1º.1.2 na que existe crédito adecuado para o ano 2005, de cinco millóns de euros (5.000.000 €) e para o ano 2006 de cinco millóns de euros (5.000.000 €). A dita aplicación poderase incrementar con fondos adicionais comunitarios e da Comunidade Autónoma.

3. De conformidade co establecido na orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, posibilitase a tramitación anticipada de expedientes de gasto, sempre que exista crédito adecuado e suficiente no proxecto de lei de orzamentos do exercicio do ano 2005 aprobados polo Consello da Xunta de Galicia, neste momento en trámite parlamentario, quedando sometida a concesión das axudas á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da súa resolución.

Disposición adicional

Única.-Os expedientes de axuda presentados ao abeiro da convocatoria de 2004 respecto dos que non recaeu resolución expresa de concesión da axu-

da, poderanse ter en conta na convocatoria de 2005, sempre que o interesado así o solicite expresamente, e cumpra o disposto nesta convocatoria.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria para ditar as instrucións precisas para o desenvolvemento e execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2004.

José Antonio Santiso Miramontes
Conselleiro de Política Agroalimentaria
e Desenvolvemento Rural

Orde do 16 de decembro de 2004 pola que se establecen as axudas para o fomento da contratación dos seguros agrarios na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005.

O Decreto 332/1995, do 27 de decembro, establece para a Comunidade Autónoma de Galicia as axudas para o fomento da contratación dos seguros agrarios coa finalidade de que un maior número de agricultores e gandeiros poidan beneficiarse das vantaxes que supoñen os seguros como un instrumento que lles permite facer fronte ás perdas económicas que poidan ter nas súas producións como consecuencia da actuación de axentes alleos, como a climatoloxía, enfermidades, etc.

Tendo en conta a evolución da contratación de seguros agrarios nas últimas campañas, as recomendacións da Comisión Europea en canto a contías máximas de subvención por tipos de seguros e coberturas e o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, é necesario regular mediante esta orde determinados aspectos das axudas para fomentar a contratación de seguros durante o ano 2005.

Conforme o previsto no artigo quinto do título II da Lei 87/1978, do 28 de decembro, e o regulamento que a desenvolve, aprobado polo Real decreto 2329/1979, do 14 de setembro, a Entidade Estatal de Seguros Agrarios ten previsto elaborar o plan de seguros agrarios combinados para o exercicio 2005, o contido do cal se axusta ao acordo de bases para a elaboración dos plans de seguros agrarios combinados, para o trienio 2004-2006, aprobado pola Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos, en reunión do 31 de xullo de 2003.

No plan determinaranse as distintas porcentaxes de subvención que lle corresponden á Administración do Estado, que serán achegadas por Enesa, nos diferentes grupos de liñas de seguro e os criterios para súa asignación; os estudos de viabilidade e condicións de cobertura ás novas liñas de seguro

ou garantías adicionais que se poden incorporar como novidades; a elaboración e revisión das normas de peritación; as datas de subscrición e prazos de elaboración de cada seguro; e demais cuestións relacionadas co plan.

O plan anual de seguros agrarios aprobarase para 2005 por acordo do Consello de Ministros, que oportunamente se publicará no BOE.

Nel estableceranse novas liñas, garantías e coberturas como importantes novidades, pendentes da finalización dos estudos de viabilidade nos prazos previstos, entre as que destacan a posta en marcha do seguro renovable de gastos derivados da destrución dos animais bovinos mortos na explotación, o seguro de gastos derivados da destrución dos animais non bovinos mortos na explotación, a inclusión do risco de xeadá no seguro combinado de planta ornamental, a incorporación dunha compensación por danos producidos por viroses, non controlables polo agricultor en determinados cultivos hortícolas, un seguro de explotación de viñedo que mellora substancialmente as actuais condicións de cobertura dos riscos extraordinarios e a incorporación de prezos diferenciados naquelas liñas de seguro de determinadas producións dedicadas á agricultura ecolóxica.

Mediante esta orde, e en desenvolvemento do previsto no Decreto 332/1995, do 27 de decembro, a Comunidade Autónoma de Galicia participará nas subvencións que financien as pólizas de seguro que se prevexan no plan anual estatal, co fin de fomentar a contratación de seguros agrarios.

En consecuencia, de acordo co disposto no artigo 30.I.3 do Estatuto de autonomía de Galicia en uso das facultades que me confire a Lei 1/1983, reguladora da Xunta e do seu presidente,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto e beneficiarios.

1. O obxecto desta orde é establecer, no ano 2005, as axudas para o fomento da contratación dos seguros agrarios incluídos no plan de seguros agrarios combinados para o exercicio 2005, ao abeiro do previsto no Decreto 332/1995, do 27 de decembro, polo que se establecen na Comunidade Autónoma galega axudas para o fomento da contratación dos seguros agrarios.

2. Poderán ser beneficiarios das devanditas axudas os asegurados titulares de explotacións agrarias situadas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre e cando subscriban pólizas de seguros de liñas agrícolas a partir do plan anual de seguros agrarios combinados de 2005, ou pólizas de liñas gandeiras a partir do plan anual de seguros agrarios combinados de 2004 e 2005, e cumbran o establecido no Decreto 332/1995 e nesta orde.

Artigo 2º.-Entidades aseguradoras autorizadas.

1. A subscrición do seguro realizarase exclusivamente a través das entidades aseguradoras autori-

zadas polo Ministerio de Economía e Facenda e incluídas na *Agrupación Española de Entidades Aseguradoras de los Seguros Agrarios Combinados, S.A.* (Agroseguro), ou a través dos axentes de seguros autorizados de conformidade co previsto na Lei 87/1978, do 28 de decembro, de seguros agrarios combinados, e demais normativa de desenvolvemento.

2. A contratación con estas entidades poderase realizar de forma individual ou ben de forma colectiva por medio de tomadores de seguros. Non obstante, soamente aqueles tomadores que se inscriban no Rexistro de Tomadores da Entidade Estatal de Seguros Agrarios (Enesa), poderán percibir as subvencións públicas adicionais que por contratación colectiva se establezan.

Artigo 3º.-Liñas de seguros subvencionables e contía da axuda.

1. Para o ano 2005 a subvención da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural queda establecida para as liñas de contratación dos grupos establecidos no anexo I desta orde do seguinte xeito:

A. Unha porcentaxe sobre a axuda á contratación que lle corresponde de Enesa, que será:

a) Do 18% para todas as liñas de contratación dos grupos I, II, III, IV e V, reflectidos no anexo I, agás nos casos das alíneas b) e c) seguintes.

b) Do 55% para as liñas de uva de vinificación, froiteiras (mazá de mesa, pera, pexego, albaricoque e ameixa), cereixa e kiwi, en calquera das súas modalidades de contratación.

c) Do 22% para as liñas de seguro de explotación de gando vacún reprodutor e recría e seguro de explotación de ceba.

B. Unha porcentaxe do 32% sobre o custo neto do seguro, para as liñas do seguro do grupo VI de cobertura de gastos derivados da destrución de animais bovinos mortos nas explotacións e gastos derivados da destrución de animais non bovinos mortos nas explotacións.

2. A concorrencia das axudas das administracións públicas non superarán as porcentaxes máximas establecidas nas directrices comunitarias (2000/C 28/02) sobre axudas estatais ao sector agrario para atender posibles perdas causadas por desastres naturais e acontecementos de carácter natural ou por fenómenos climáticos adversos asimilables a desastres naturais.

Artigo 4º.-Procedemento e prazos de execución.

1. A formalización da declaración do seguro considerarase solicitude de axuda, sempre e cando se realice dentro dos períodos de subscrición establecidos pola normativa do plan anual vixente establecido polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e, ademais, se cubran as distintas epígrafes referentes á subvención que se conteñan na declaración do seguro. En todo caso, na declaración

de seguro especificarase, na epígrafe de subvencións para comunidades autónomas, a expresión literal de subvención da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. As datas de inicio e o prazo da subscrición e formalización da correspondente póliza de seguro sinalanse de forma particular para cada liña de contratación no plan anual vixente, onde constan as datas de inicio para a subscrición das pólizas do seguro de que se trate.

3. O importe da axuda que lle corresponda á Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural deducirase do importe da prima que deberá aboar o tomador ou o asegurado no momento da subscrición da póliza. As cantidades así descontadas serán pagadas pola consellería a Agroseguro contra certificacións de liquidación, sempre de acordo co procedemento establecido no correspondente convenio de colaboración suscrito entre a consellería e Agroseguro.

4. No dito convenio estableceranse os prazos e a documentación que Agroseguro lle deberá xuntar a cada certificación de liquidación co fin de que se poidan efectuar as comprobacións oportunas para a resolución por parte da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, antes de realizar os correspondentes pagamentos da axuda a Agroseguro.

5. Dentro das disponibilidades orzamentarias e de acordo coa orde de presentación de solicitudes, o conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, logo de proposta do director xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria, ditará a correspondente resolución de concesión ou denegación da axuda, no prazo máximo de seis meses contados desde a presentación da solicitude. Poderán entenderse desestimadas por silencio administrativo as solicitudes, se no devandito prazo non se ditase a correspondente resolución.

6. As resolucións expresas ou presuntas ditas en aplicación desta orde esgotan a vía administrativa e, contra elas, poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición ante o conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo os casos, de conformidade co establecido nos artigos 107, 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, ou ben poderá ser impugnada directamente ante o órgano xurisdiccional contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, se é expresa; ou de seis meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, de conformidade co establecido no artigo 46 da Lei reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Artigo 5º.-Obrigas dos beneficiarios e tomadores dos seguros.

1. Os tomadores dos seguros e, de ser o caso, os asegurados beneficiarios achegarán unha listaxe

resumo das pólizas subscritas así como toda aquela documentación relacionada coa contratación do seguro, sempre que así lles fose exixida expresamente pola Dirección Xeral de Producción e Sanidade Agropecuaria. Así mesmo, aqueles terán a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas públicas.

2. Na formalización do seguro, os beneficiarios das axudas farán constar as axudas solicitadas ou concedidas, das distintas administracións públicas competentes, para a mesma finalidade.

3. O incumprimento das obrigas sinaladas nos dous puntos anteriores poderá supoñer a perda total ou parcial da axuda, así como a obriga de restituír as cantidades percibidas, sen prexuízo doutras responsabilidades en que puidesen incorrer os beneficiarios ou perceptores.

Artigo 6º.-Modificación da resolución de concesión.

Toda alteración das condicións que se tivesen en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión da axuda.

Artigo 7º.-Reintegro das axudas.

No caso de pagamentos indebidos, os beneficiarios ou perceptores das axudas quedarán obrigados ao reembolso do importe indebidamente percibido, xunto cos xuros de demora devengados desde o pagamento, sen prexuízo doutras responsabilidades a que houber lugar (artigos 78 e 79 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia).

Artigo 8º.-Financiamento.

1. Para a concesión das axudas reguladas nesta orde existe crédito adecuado e suficiente con cargo ao proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, por un importe total de 6.000.000 euros, que se verá incrementado con outros remanentes orzamentarios e sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia de modificacións orzamentarias, na aplicación 09.03.614-A.777.0 (2002.09826).

2. De conformidade co establecido na orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, posibilitase a tramitación anticipada de expedientes de gasto, sempre que exista crédito adecuado e suficiente no proxecto de lei de orzamentos do exercicio do ano 2005 aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, neste momento en trámite parlamentario, polo que queda sometida a concesión das ditas axudas á con-

dición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da súa resolución.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o director xeral de Produción e Sanidade Agropecuaria para ditar as instrucións precisas para o desenvolvemento e execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2004.

José Antonio Santiso Miramontes
Conselleiro de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural

ANEXO

Grupos de liñas de seguro para efectos da aplicación das subvencións

Liñas de seguro	Data inicio subscripción	Subvención Xunta (%)
*Liñas de seguro incluídas no grupo I:		
Seguro combinado e garantía de danos excepcionais de cereais de inverno	1-3-2005	18
Seguro combinado e garantía de danos excepcionais de cereais de primavera	1-3-2005	18
Seguro combinado e garantía de danos excepcionais de leguminosas gran	1-3-2005	18
Póliza multicultivo en cultivos herbáceos extensivos	1-3-2005	18
*Liñas de seguro incluídas no grupo II:		
Seguro combinado e garantía de danos excepcionais de kiwi	15-1-2005	55
Seguro combinado e garantía de danos excepcionais de alcachofa	1-7-2005	18
Seguro combinado e garantía de danos excepcionais de allo	1-9-2005	18
Seguro combinado e garantía de danos excepcionais de berenxena	15-1-2005	18
Seguro combinado e garantía de danos excepcionais de cebola	15-1-2005	18
Seguro combinado e garantía de danos excepcionais de coliflor e brócoli	1-3-2005	18
Seguro combinado e garantía de danos excepcionais de cultivos protexidos	1-6-2005	18
Seguro combinado e garantía de danos excepcionais de fresa e amorodo	1-9-2005	18
Seguro combinado e garantía de danos excepcionais de chícharo verde	1-7-2005	18
Seguro combinado e garantía de danos excepcionais de faba verde	1-7-2005	18
Seguro combinado e garantía de danos excepcionais de feixón	15-1-2005	18
Seguro combinado e garantía de danos excepcionais de leituga	1-3-2005	18
Seguro combinado e garantía de danos excepcionais de melón	15-1-2005	18
Seguro combinado e garantía de danos excepcionais de pemento	15-1-2005	18
Seguro combinado e garantía de danos excepcionais de pataca	1-1-2005	18
Seguro combinado e garantía de danos excepcionais de sandía	15-1-2005	18
Seguro combinado e garantía de danos excepcionais de tomate	15-1-2005	18
Seguro combinado e garantía de danos excepcionais de tomate de inverno	1-4-2005	18

Liñas de seguro	Data inicio subscripción	Subvención Xunta (%)
Seguro combinado e garantía de danos excepcionais de cenoria	15-1-2005	18
Seguro combinado e garantía de danos excepcionais en planta ornamental	1-6-2005	18
Seguro combinado e garantía de danos excepcionais de lúpulo	1-3-2005	18
Seguro combinado e garantía de danos excepcionais de viveiros de viñado	1-2-2005	18
Tarifa xeral combinada	1-3-2005	18
*Liñas de seguro incluídas no grupo III: (incluídos seguros complementarios e extensións de garantías)		
Seguro integral de cereais de inverno en secaño	1-9-2005	18
Seguro integral de leguminosas grano en secaño	1-9-2005	18
Seguro combinado e garantía de danos excepcionais de froiteiras: albaricoque, ameixa, mazá, pexego e pera	1-1-2005	55
*Liñas de seguro incluídas no grupo IV: (incluídos seguros complementarios e extensións de garantías)		
Seguro combinado e garantía de danos excepcionais de cereixa	1-1-2005	55
Seguro multicultivo de cítricos e danos excepcionais	1-4-2005	18
Póliza multicultivo en cítricos	1-4-2005	18
Seguro combinado e garantía de danos excepcionais de caqui	1-4-2005	18
Póliza multicultivo en hortalizas	1-3-2005	18
Seguro combinado e garantía de danos excepcionais de uva de vinificación	15-1-2005	55
Seguro de explotación de gando ovino e caprino	15-1-2005	18
Seguro de explotación de gando vacún reprodutor e de recría	15-1-2005	22
Seguro de explotación de gando vacún de ceba	15-1-2005	22
Seguro de explotación de gando equino	1-7-2005	18
Seguro de explotación de gando equino en razas selectas	1-7-2005	18
Seguro de gando vacún de alta valoración xenética	1-7-2005	18
Seguro para a cobertura de danos por seca en pastos	1-7-2005	18
Seguro para a cobertura de danos por seca e incendios en apicultura	1-7-2005	18
Seguro de explotación de gando aviar de carne	1-7-2005	18
*Liñas de seguro incluídas no grupo V (incluídos seguros complementarios e extensións de garantías):		
Seguro de rendementos en explotacións de cultivos herbáceos extensivos	1-9-2005	18
Seguro de explotación de froiteiras	1-1-2005	55
Seguro de explotación de uva de vinificación (1)	1-10-2005	55
*Liñas de seguro incluídas no grupo VI:		
Seguro para a cobertura de gastos derivados da destrución de animais bovinos mortos na explotación	15-1-2005	32 (*)
Seguro renovable para a cobertura de gastos derivados da destrución de animais bovinos mortos na explotación	1-6-2005	32 (*)
Seguro para a cobertura de gastos derivados da destrución de animais non bovinos mortos na explotación (2)	15-1-2005	32 (*)

(*) Sobre o custo neto da póliza

(1) A incorporación destas liñas está condicionada á realización dos correspondentes estudos de viabilidade, nos prazos previstos

(2) A posta en marcha do seguro irase realizando a medida que os titulares das explotacións vaian cumprindo os requisitos necesarios para a aplicación do seguro e se finalicen os estudos de viabilidade nos prazos previstos

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Orde do 22 de novembro de 2004 pola que se fixa o prezo de venda ao público da publicación: Actividades preventivas en pediatria. Guía de apoio para o programa do neno san.

A Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 51, sinala a obriga de que os prezos privados sexan fixados polas consellerías correspondentes, logo de informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, e publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

Para cumprir este mandato e despois de emitido o preceptivo informe favorable da Consellería de Economía e Facenda, esta consellería,

DISPÓN:

Artigo único.

1. Queda aprobado o prezo de venda ao público da publicación editada polo Servizo Galego de Saúde e que se relaciona no anexo.

2. Este prezo entenderase, de ser o caso, con IVE incluído.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2004.

José Manuel González Álvarez
Conselleiro de Sanidade

ANEXO

* *Actividades preventivas en pediatria. Guía de apoio para o programa do neno san:* 9,50 euros.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Orde do 9 de decembro de 2004 pola que se modifican os terreos en que se prohíbe o exercicio da caza, sinalados na Orde do 21 de xuño de 2004, pola que se determinan as épocas hábiles de caza durante a tempada 2004-2005.

No artigo 19.1º z) da Orde do 21 de xuño de 2004 pola que se determinan as épocas hábiles de caza durante a tempada 2004-2005, se establécen os terreos en que se prohíbe o exercicio da caza na provincia da Coruña, en particular dise: «...z) Queda prohibido o exercicio de toda clase de caza nos terreos das parroquias de Beira, Sumio e parte de Quembre, do concello de Carral, ata que non finalice o proceso de declaración en Tecor que os afecta...».

Visto a proposta da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente, do 2 de decembro de 2004, no que lle propón á Dirección Xeral de Conservación da Natureza que resolva o levantamento da veda á que fai referencia o artigo 19.1º z), de acordo coa Sentenza 1763/2002, do 13 de novembro de 2002, pola que se anula a segregación que deu

orixe ao Tecor Veira e co ditame do Comité Executivo de Caza do 2 de decembro de 2004.

Consonte as atribucións que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, e demais normativa concordante.

RESOLVO:

Artigo único.-Suprimese o artigo 19.1º z) que figura na Orde do 21 de xullo de 2004 pola que se determinan as épocas hábiles de caza durante a tempada 2004-2005.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2004.

José Manuel Barreiro Fernández
Conselleiro de Medio Ambiente

**CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS,
EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS**

Orde do 15 de decembro de 2004 pola que se establecen axudas individuais para o tratamento de drogodependencias en comunidades terapéuticas.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23º, asígnalle á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social. Así mesmo, no artigo 33.2º establece que lle corresponde o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de Seguridade Social.

A Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais para Galicia, establece os servizos sociais na área de drogodependencias, incluídas as alcohólicas, orientándoos especificamente ao desenvolvemento de programas de prevención e inserción social das persoas afectadas por calquera forma de toxicomanía; os seus artigos 50 e 51, recollen a posibilidade de lles conceder prestacións e axudas económicas periódicas ás persoas que se atopen en situacións de necesidade material e marxinación social.

A Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais segundo a estrutura orgánica fixada polo Decreto 212/2003, do 3 de abril, é o órgano responsable da superior dirección e control do desenvolvemento das funcións e competencias que, en materia de servizos sociais, sen prexuízo das atribucións doutras consellerías, lle corresponden á Xunta de Galicia.

Un dos obxectivos prioritarios da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais é precisamente acadar a inserción social das persoas afectadas por unha problemática específica de integración, como é o caso das problemáticas das toxi-